

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Contos da tradición oral de Galicia

Segredo de confesión

Manuel Vidal Roca era un crego que vivía na reitoral de Santo André, concello de As Nogais (Lugo), casa situada xunto a igrexa parroquial que aínda hoxe en día continúan a chamarlle A Casa do Cura. Na Festa da Cofradaría facíase unha confesión xeral aos veciños polo que, para axudar á misa e ás confesións, ían curas doutras parroquias dos arredores. Unha mañanciña presentóuselle a un dos curas unha muller que lle contou a súa vida, incluída a parte máis "lixreira". O cura quedou apampado pola luxuriosa vida da muller.

Cando os curas se foron a xantar, o crego confesor non puído gardar o segredo e díxolles que a primeira muller do día que fora onda el confesar, non había outra no mundo de Deus que lle fixese sombra en menesteres. Mentres lles relataba aos da mesa o que lle contara a freguesa no confesonario, entrou a criada do párroco no comedor e, dirixíndose a el, soltoulle: "*Tome vostede de primeiro, padre, por ser eu tamén a primeira a quen confesou*".

[Texto remitido por Xabier Moure Salgado, de Becerreá (Lugo). Marzo de 2015]